

# **CAPÍTULO III**

## **PXA**

**Curso 2023-24**

**IES A Sardiñeira**



- 1 Programación de AACCEE para o curso 2023-24.
- 2 Programa de formación en centros de traballo.
- 3 Plan anual de actividades para a potenciación do uso da lingua galega.
- 4 Programa de formación do profesorado no centro.

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES e COMPLEMENTARIAS

Curso 2023 / 2024  
IES A Sardiñeira

*Aprobada en Consello Escolar o 27/09/23*



## Índice

1. Introducción	3
2. Obxectivos xerais.	4
3. Planificación e funcionamento AAEE.	5
3.1. Consideracións xerais	5
3.2. Participación do alumnado nas actividades	5
3.3. Comunicación da actividade á Vicedirección.	6
4. Organización e xestión das actividades.	7
5. Normas durante as AACCEE.	9
6. Criterios xerais de organización.	11
7. Criterios específicos de organización para actividades complementarias.	12
8. Criterios específicos de organización para actividades extraescolares.	13
9. Programas, plans e actividades.	14
10. Actividades por Departamentos didácticos.	19
11. Avaliación da programación.	42

## 1. **Introdución.**

Os departamentos didácticos do IES A Sardiñeira propoñen nas súas programacións didácticas diversas actividades complementarias e extraescolares que contribúen a reforzar e contextualizar a aprendizaxe e o enfoque global de todas as disciplinas. Desde a Vicedirección pretendemos dinamizar e coordinar do xeito mais funcional posible as diferentes propostas de actividades, plans e proxectos.

Para informar da vida do noso centro a toda a comunidade educativa poderemos atopar na web do instituto, apartado [Vicedirección](#), todas as novidades, documentos e información.

Asimesmo, manteremos actualizado o blog de Vicedirección, [Sardiplus](#), no que se poderán consultar todas as actividades realizadas e outras novas ou avisos de interese.

No correspondente apartado de Vicedirección na [web](#) do centro están a disposición do profesorado os diferentes modelos de documentos, as normas de realización das actividades, etc.

Diferenciamos entre actividades complementarias e extraescolares:

*Decreto 324/1996 de Regulamento Orgánico dos IES. Art. 61, 62*

- Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes.
- Teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar, se realizan fóra de horario lectivo e nas que a participación é voluntaria.

## 2. Obxectivos xerais.

- Completar a educación do alumnado a través das actividades complementarias e extraescolares.
- Contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado e ao seu benestar emocional.
- Reforzar os valores de colaboración, compañeirismo, esforzo, convivencia, creatividade e respecto.
- Fomentar a capacidade creativa.
- Fomentar a convivencia entre os distintos membros da comunidade educativa.
- Ofrecer actividades formativas, culturais, sociais e integradoras.
- Coordinar materias e actividades de distintos ámbitos.
- Promover a integración, a sensibilización e o sentimento de pertenza a unha comunidade educativa.
- Posibilitar o acceso a actividades culturais e sociais a todo o alumnado e en especial, ao alumnado máis vulnerable.
- Complementar os coñecementos adquiridos na aula.
- Fomentar as relacións e actividades interdepartamentais e con outros centros educativos.
- Fomentar as actividades de carácter deportivo e as prácticas saudables.
- Promover a participación nos proxectos, programas, plans e actividades que permitan reforzar o complementar a formación do noso alumnado.
- Fomentar o uso da Biblioteca e apoiar o traballo e as actividades da mesma.
- Colaborar cos diferentes departamentos didácticos e grupos de dinamización.
- Complementar o desenvolvemento das competencias básicas mediante as medidas organizativas e de relación entre os membros da comunidade educativa.
- Favorecer a integración e a boa convivencia do alumnado, o profesorado e o resto da comunidade educativa, nun marco de respecto e colaboración.
- Dar a coñecer a toda a comunidade educativa as actividades extraescolares, complementarias e proxectos que se realizan no noso centro.

### 3. Planificación e funcionamento.

#### 3.1 Consideracións xerais.

Todas as actividades complementarias e extraescolares que figuran nesta programación foron propostas polos diferentes departamentos didácticos para ser incluídas na Programación Xeral Anual e están en consonancia cos obxectivos da mesma. A programación e realización destas actividades ten un carácter flexible, polo que aquelas actividades que non estiveran contempladas, poderán realizarse sempre e cando sexan aprobadas polo Consello Escolar e co coñecemento da Dirección.

Intentarase que a distribución das mesmas sexa homoxénea ao longo do curso e nos diferentes grupos e departamentos didácticos.

A planificación e participación das actividades programadas corresponde ao profesorado organizador: recollida de autorizacións, cartos, se fóra o caso, planificación da xornada, reservas... contando coa colaboración e coordinación da Vicedirección.

#### 3.2 Participación do alumnado nas actividades.

Cando o alumnado participa nas actividades complementarias ou extraescolares, existe unha delegación de responsabilidade dos pais ou titores legais hacia o profesorado, que exerce a garda e custodia dos menores.

Para minimizar os posibles riscos, o alumnado participante deberá aceptar as **normas para as actividades complementarias e extraescolares** que poden ver [aquí](#).

Estas normas de carácter xeral son de obrigado cumprimento para garantir o benestar do alumnado e profesorado. Os Departamentos didácticos ou profesorado responsable reservaránse o dereito de engadir as normas necesarias para a realización dunha actividade concreta.

O alumnado deberá entregar a autorización de participación nunha actividade complementaria e extraescolar, debidamente asinada polos pais o titores legais. As actividades extraescolares son de carácter voluntario para o alumnado. O profesorado dispón dun modelo de documento para [a autorización da actividade extraescolar](#).

Se procedese, o alumnado deberá entregar [unha declaración responsable de saúde](#), se fose necesario para a participación nunha actividade determinada, ao profesorado acompañante.

Os pais ou titores legais deberán autorizar ou non a utilización da imaxe con fins educativos (web do instituto, blogs, plataformas ou RRSS do profesorado).

O alumnado que non participe na actividade deberá permanecer na aula correspondente. A falta de asistencia á actividade (complementaria) ou á clase deberá xustificarse, en todo caso, como en calquera día lectivo. Pregamos a todo o profesorado que teña clase cos grupos asistentes a unha actividade pase as faltas correspondentes no XADE co fin de detectar ao alumnado que non asiste ao instituto.

### **3.3 Comunicación da actividade a Vicedirección.**

As actividades deberán estar incluídas nas Programacións didácticas dos Departamentos e entregadas por correo electrónico á Vicedirección do centro.

Se algunha actividade quedase fóra da programación inicial, o Departamento correspondente poderá presentar a proposta, coa suficiente antelación, a Vicedirección. A proposta haberá de ser estudada (coincidencia con actividades xa programadas, sobrecarga de actividades nun mesmo grupo/curso/departamento....) e someterase, se procede, á aprobación do Consello Escolar, de todo o cal se dará coñecemento oportunamente ao profesorado interesado.

Prégase ao profesorado que comunique a realización das actividades a Vicedirección coa maior antelación posible con obxecto de coordinar as mesmas (evitar que coincidan con exames, outras actividades programadas con antelación...). Con carácter xeral a antelación mínima de comunicación sexa como mínimo **de dúas semanas**, en especial aquelas que precisen transporte.



O profesorado poderá comunicar a actividade das seguintes formas:

- ✓ Cubrindo o seguinte [formulario online](#).
- ✓ Enviando por correo electrónico os datos requiridos. Ver [este documento](#).

#### 4. Organización e xestión das actividades.

A Vicedirección colaborará cos distintos departamentos didácticos na organización das distintas actividades. Para a realización das actividades propostas deberán terse en conta unha serie de puntos importantes para o axeitado desenvolvemento das mesmas e deberase comunicar a Vicedirección:

- a) Nome da actividade.
- b) Nivel e grupos destinatarios.
- c) Profesor/a coordinador/a de a actividade.
- d) Outros Departamentos cos que se coordina a actividade, se procede.
- f) Breve resumo das actividades para realizar.
- g) Data de realización e duración da actividade.
- h) Custo da actividade.
- i) Número de profesores/ as acompañantes, número de alumnos/ as participantes.
- j) Transporte requerido.
- k) Outros aspectos necesarios para a coordinación da actividade (espazos,...).

O profesorado responsable da actividade velará polo cumprimento do programado e, ao termo da mesma, comunicará a Xefatura de Estudos ou Vicedirección, unha breve valoración da actividade e/ou as incidencias que considere de interese. Prégase o envío de fotografías das actividades á vicedirección co gallo de visibilizalas e darlles difusión entre a comunidade educativa.

Vicedirección publicará o calendario de actividades previstas na **web**, e informará ao correo electrónico corporativo e mediante carteis informativos na sala de profesorado, das actividades prevista, tentarse facer coa antelación suficiente para prever ou resolver a normalidade da actividade docente.

### Corresponde ao Departamento ou profesorado organizador da actividade :

- Informar a Vicedirección da actividade coa maior antelación posible, mínimo 14 días antes, como norma xeral, principalmente se hai que solicitar transporte.
- Explicar ao alumnado todos os datos da actividade, facendo especial fincapé no prazo de entrega da autorización, no prezo da saída e nas condicións que deben cumprir para participar. Asimesmo informará debidamente aos proxenitores/titores legais.
- Recoller os cartos para a actividade, se fose o caso e entregar os cartos en Vicedirección para facer os pagos pertinentes (transporte, transferencias bancarias a distintas institucións,...)
- Recoller todas as autorizacións necesarias do alumnado e custodiais.
- Elaborar e informar da lista definitiva do alumnado participante na actividade, para que o profesorado poida cargar as ausencias do alumnado en Xade, ou remitir dita lista a Vicedirección, cunha anterioridade mínima de **dous días**.
- Velar polo cumprimento das normas e o protocolo de AACCEE.
- Comunicar as incidencias, de ser o caso, ao final da actividade.
- Deixar actividades para o resto do alumnado que non participe así como aos grupos que non poida atender.
- Distribuír as actividades de forma racional ao longo do curso, para todos os niveis, intentando non intervir co resto das materias, realizando as actividades durante as súas sesións de clase sempre que sexa posible, e respectando en todos os casos as actividades xa programadas e a norma de **non** realizar actividades **dúas semanas antes das datas de avaliación** fixadas por xefatura, agás aquelas actividades que poidan realizarse durante as sesións de clase propias.
- Buscar profesorado acompañante, preferiblemente entre o profesorado que tiña clase con ese alumnado (poderá solicitar a colaboración da Vicedirección).

### **Corresponde ao profesorado participante na actividade :**

- Colaborar no cumprimento das normas e do protocolo.
- Deixar actividades para o resto do alumnado que non participe, así como aos grupos que non poida atender.
- Participar, preferentemente, nas actividades que impliquen unha menor perda de sesións de docencia.

### **5. Normas durante as AACCEE.**

As normas son de obrigado cumprimento para garantir o benestar do alumnado e do profesorado. Estas normas son de carácter xeral. Os Departamentos didácticos ou profesores responsables resérvanse o dereito de engadir as normas que fosen necesarias para a realización dunha actividade concreta.

Unha actividade extraescolar ou complementaria é unha actividade escolar e o réxime disciplinario aplicarase do mesmo xeito que no centro.

O alumnado ten que obedecer, pola súa propia seguridade, ao profesorado encargado. No caso contrario procederase á apertura de partes de incidencias leves ou graves, segundo a NOF do centro, á volta da actividade.

As seguintes normas e todas aquelas que marca o sentido común (non cruzar rúas en vermello, ter precaución, ...) establécense para a propia seguridade do alumnado.

O alumnado responsabilizarase da súa documentación persoal e pertenzas.

Se algún alumno/a causa algún dano material (autobús, museos, hoteis...) ou é sancionado economicamente, deberá abonalo el/ela ou a súa familia segundo corresponda.

O alumnado ten prohibidas, durante a duración da actividade o consumo de bebidas alcohólicas e o consumo de calquera substancia prohibida para menores de 18 anos.

O alumnado debe seguir en todo momento os comunicados e avisos do profesorado (por exemplo: hora de se erguer).

O alumnado ten terminantemente prohibido saír do recintos, hoteis, museos, etc sen o profesorado.

O alumnado ten prohibido ir a calquera sitio con persoas alleas á actividade (familiares incluídos) mentres estean baixo a responsabilidade do profesorado. Todas as visitas e actividades son de obrigada realización polo seu marcado carácter didáctico, cultural e/ou de inmersión lingüística. Non se poderá utilizar o móbil para xogar, escoitar música, whatsapp... durante a súa duración. Deben estar atentos ás explicacións.

O alumnado non poden molestar a outras persoas ou alborotar. Debe manter unha compostura exquisita nas visitas, museos, igrexas, rúa, etc.

O profesorado acompañante non se fará responsable de posibles roubos, perda de obxectos persoais nin do diñeiro do alumnado durante a actividade. Cada alumno/a terá precaución cos seus gastos e coa custodia dos seus cartos e pertenzas. No caso de que os alumnos teñan gastos imprevistos xustificados, o profesorado farase cargo pero a familia deberá reembolsar o diñeiro ao centro educativo á volta.

O profesorado e o instituto no se fan cargo dos posibles roubos o perdas dos obxectos persoais. (Recomendamos non levar obxectos de valor).

Se un alumno ou alumna debe tomar un tratamento médico, ten que levalo consigo e poñelo en coñecemento do profesorado, (por escrito nunha declaración de saúde)

O profesorado non medicará en ningún caso ao alumnado (nin aspirinas, nin ibuprofenos, nin antimareos nin ningún outro tipo de medicamentos). No caso de enfermidade, levarémolos ao médico para que lles receite o necesario.

O uso do móbil debe ser privado. Debemos respectar a intimidade do resto de compañeiros/as e do profesorado. Está terminantemente prohibido subir fotos, audios, etc. a redes sociais (Instagram, Tik-Tok) que poidan atentarse contra esa intimidade.

O profesorado está autorizado para utilizar imaxes e vídeos do alumnado que asinara os permisos de imaxe nas redes do centro educativo, co obxecto de dar a coñecer as actividades culturais e didácticas realizadas.

Se algún alumno non asinase os permisos de imaxe non poderá saír nos vídeos nin imaxes e debe indicalo nos papeis das normas. Nalgunha actividade ou saída concreta a falta de permisos pode significar a non participación deste alumnado na actividade ou viaxe xa que éstas poden ser retransmitidas en aberto en internet, tv, etc.

Os departamentos didácticos poderán engadir normas específicas a estas normas xerais se a actividade ou saída así o require e sempre que ditas normas sexan revisadas pola Vicedirección e Xefatura de Estudos do centro.

## **6. Criterios xerais de organización.**

Naqueles casos en que por circunstancias especiais existan alumnos e alumnas que non participen nas actividades programadas o/a responsable ou responsables deberán prever as accións adecuadas para garantir o seu dereito á educación.

Garántese o dereito á realización de actividades complementarias e extraescolares dos profesores e profesoras que polas especiais circunstancias das súas materias teñen poucos alumnos e alumnas.

Como norma xeral, naquelas actividades que supoñan saída do centro o alumnado estará acompañado en todo momento por profesorado na proporción recollida nas NOF (un profesor cada vinte alumnos e alumnas). No caso de que polas especiais circunstancias dunha actividade ou viaxe (especialmente ao estranxeiro, viaxes a neve,...) tivese que ir algún profesor ou profesora máis, será suficiente coa aprobación do equipo directivo, sempre co gallo de garantir a seguridade do alumnado.

Poderán realizarse actividades complementarias e extraescolares durante todo o curso agás nas dúas semanas anteriores ás avaliacións, salvo casos excepcionais.

Con carácter xeral procurarase non organizar actividades extraescolares para o alumnado de 2º de Bacharelato en días lectivos, salvo circunstancias excepcionais. No caso das actividades complementarias procurarase que teñan lugar na hora de clase do departamento organizador. Non se considererarán AAEECC as sesións de orientación académica.

Quedarán excluídos da participación dunha actividade complementaria fóra do centro e de toda actividade extraescolar aqueles alumnos e alumnas con conductas contrarias á convivencia segundo se reflicte nas NOF.

### **7. Criterios específicos de organización para actividades complementarias.**

Dado o carácter curricular das actividades complementarias, a participación do alumnado será obrigatoria, se non supón ningún custo económico para el e se desenvolve dentro do horario lectivo.

Para as actividades complementarias con carácter obrigatorio, só se aceptarán como circunstancias excepcionais que permitan a un alumno a non participación, aquelas nas que concorran razóns de carácter médico ou razón xustificadas polos proxenitores/titores legais por escrito.

O Departamento didáctico organizador da actividade procurará que esta se desenvolva dentro da franxa horaria da súa área ou materia a fin de que poidan facerse responsables dela. No caso de que a actividade organizada ocupe a franxa horaria doutra materia o Departamento organizador, en colaboración coa Vicedirección, comunicará ao profesorado afectado a sesión ou sesións correspondentes.

No caso de que a actividade estea organizada pola Vicedirección, ou Departamento de Orientación fóra da franxa horaria da súa área ou materia, será o profesor afectado pola actividade o responsable de que os alumnos participen na mesma, permanecendo en todo momento devanditos alumnos ao seu cargo.

Cando a actividade co alumnado sexa dirixida por un axente colaborador externo, o profesor afectado deberá estar sempre presente na actividade para controlar e atender calquera incidencia.



## 8. Criterios específicos de organización para actividades extraescolares.

As actividades extraescolares realizaranse fóra do horario lectivo e teñen carácter voluntario. Entre este tipo de actividades considéranse, ademais das que con carácter formativo realízanse fóra do horario escolar nas dependencias do Centro, as seguintes:

viaxes de estudos, actos de entrega de premios, actividades artísticas ou deportivas dentro ou fóra do centro, etc.

Ningún alumno/a pode participar nunha actividade extraescolar sen os permisos asinados correctamente, os cartos entregados, se é o caso, e a declaración de saúde responsable, se fose necesaria.

O profesorado encargado da actividade non devolverá os cartos dun alumno inscrito nunha actividade, agás xustificantes médicos ou situacións graves xustificadas. En calquera caso, en caso de anulación dunha inscrición (imposibilidade de viaxar, etc) o alumnado deberá presentar a reclamación para a devolución dos cartos de forma persoal ante o organismo correspondente (axencia de viaxes, transporte,...).

## 9. Programas, plans actividades.

### 9.1 Contratos programa.

Plans diixidos á mellora do éxito escolar.

A iniciativa de contratos-programa trata de constituír un instrumento de apoio aos centros para que, dentro da súa autonomía, poidan desenvolver un plan de mellora no que se poida, en función das necesidades detectadas e do proxecto educativo, potenciar, de forma prioritaria, o desenvolvemento das competencias clave, mellorar a convivencia, reducir as taxas de abandono escolar temperán, promover a igualdade de xénero e a inclusión, mellorar a competencia socioemocional, profundar no logro da excelencia educativa, promover a actividade física, así como proporcionar atención educativa para a compensación de desigualdades na educación.

O IES A Sardiñeira, coa implicación de profesorado de diferentes departamentos didácticos solicitou as seguintes liñas de actuación:

#### 1. CP INNOVA:

- EDU Excelencia
- EDU Sostibilidade
- EDU Saúde

#### 2. CP INCLÚE

- CONVIVE-T
- INCLÚE-T
- IGUALA-T

### 9.2 Coruña Educa.

A Coruña Educa é unha proposta formativa da Concellería de Educación e Cultura, en colaboración con outras áreas municipais e entidades, dirixida especificamente á comunidade educativa e consistente nunha serie de programas anuais clasificados por grupos temáticos.



Solicítanse diferentes programas desde os Departamentos Didácticos.

Programa Educar en Xustiza

Programa Cinema na Escola

### **9.3. Club de ciencias.**

O IES A Sardiñeira continúa participando, por terceiro curso, co Club de Ciencias. Esta iniciativa pretende ser un espazo de aprendizaxe non formal baseado nunha metodoloxía de indagación onde os docentes suxiren diferentes accións enfocadas ao alumnado co obxecto de que podan dar resposta ás súas curiosidades, aos seus intereses e resolver problemas.

No club de ciencias participan diferentes Departamentos do centro e está coordinado por Pedro del Pozo.

### **9.4 Programas de Auxiliares de conversa e seccións bilingües.**

Os auxiliares de conversa son profesores nativos que colaboran e apoian ao profesorado titular na aula. O seu traballo é beneficioso para todo o alumnado xa que reforzan a comprensión e a expresión oral na aula e achégannos á cultura dos seus países.

### **9.5 Plans Proxecta.**

O Plan Proxecta é unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que desenvolvan as competencias clave como eixo do currículo e os elementos transversais, nos cales se inclúe a educación en valores. Trátase dun plan que busca un avance nas dinámicas de mellora da calidade educativa e favorecer a innovación nos propios centros a través de programas externos que leven á motivación e ao traballo activo, cooperativo e en rede, do alumnado e do profesorado implicado. Para iso, un dos principais obxectivos deste plan é promover a realización de proxectos interdisciplinarios que poidan servir de modelo de traballo ou de boa práctica, tanto para o propio centro en que se orixinan como para o resto da comunidade educativa galega.

Dende o noso centro solicitáronse os seguintes Plans:

- Correspondentes xuvenís 3.0: coordinado por Verónica del Río
- Rede de Centros Escolares Solidarios: coordinado por Pablo Martínez.
- Apuntámonos a non beber: coordinado por Carla Rodríguez

Participan nestes Plans profesorado de varios Departamentos didácticos.

## 9.6 Programa Erasmus + KA1

Programa de mobilidade europea para profesionais, encamiñado ó intercambio de experiencias e prácticas educativas ca finalidade de mellorar o éxito escolar do noso alumnado e implantar actividades de innovación educativa.

## 9.7 Conmemoracións e actividades conxuntas.

*ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*1. Os centros docentes poderán organizar, no horario lectivo, actividades de interese relacionadas co seu proxecto educativo e funcional co obxecto de promover ou celebrar conmemoracións que sensibilicen sobre temas de interese social, cultural e/ou ambiental.*

*2. Así, os centros docentes poderán celebrar as conmemoracións que establezan na súa programación xeral anual, tendo en conta, de ser o caso, os criterios sobre a incorporación de elementos transversais e sobre o deseño das actividades complementarias recollidos na concreción curricular. Para estes efectos, as conmemoracións indicadas no anexo I terán carácter orientativo.*

### *Anexo I. Conmemoracións*

- 20 de novembro de 2023: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 28 de novembro ao 5 de decembro de 2023: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 10 de decembro de 2023: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2024: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2024: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller.

- 15 de marzo de 2024: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 4 ao 8 de marzo de 2024: Semana da Prensa.
- 1 de abril de 2024: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde.
- Do 22 ao 26 de abril de 2024: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2023: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2023: Día de Europa.
- Do 13 ao 17 de maio de 2024: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2024: Día Mundial do Medio Ambiente.
- De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

Ademais valorarase a celebración das seguintes conmemoracións e actividades conxuntas:

- Samaín: 27 de outubro.
- Actividades de Nadal: 21 de decembro. Festival de Entroido: 9 de febreiro.
- Día da muller e a nena na ciencia: 11 de febrero
- Semana cultural (data sen determinar)
- Graduación alumnado de 2º de Bacharelato.
- Recepción de alumnado estranxeiro se fose o caso: actividades complementarias e extraescolares de acollida.
- Viaxes de estudos ao estranxeiro/ intercambios.
- Participación no Día da ciencia na rúa.
- Semana branca

- Todas aquelas actividades, talleres, obradoiros e xornadas conxuntas (roteiros...) que contribúan á mellora da convivencia no centro.

### **Xornadas de Acollida e Xornadas de Portas Abertas**

Ao longo do curso celebraránse, en colaboración co Departamento de orientación Xornadas de Acollida para o alumnado de 6º de primaria de centros adscritos e Xornadas de Portas Abertas para as familias (previsiblemente nos meses de xaneiro/febrero).

## **10. Actividades por Departamentos didácticos.**

Consideracións xerais.

O Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares é o órgano de coordinación docente que se encarga de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades, procurando a implicación nas mesmas de todos os integrantes da nosa comunidade. Neste sentido e tendo en conta a actual situación sanitaria e académica, consideramos que as actividades propostas polos Departamentos son de especial importancia para o noso alumnado. As AAEECC proporcionan ao noso alumnado unas situación de aprendizaxe diferentes e atractivas.

A realidade social, educativa e económica do noso alumnado fai da oferta dos nosos Departamentos didácticos unha oportunidade única para achegarse a actividades formativas de gran calidade. Queda a criterio dos diferentes Departamentos, en coordinación coa Vicedirección do centro, a organización temporal equitativa das súas actividades, sen prexuízo das normas que se inclúen nesta programación. Prégase unha organización racional e equitativa das actividades para os distintos niveis, que quedará recollida na memoria anual deste Departamento.

## 10.1 Departamento de Bioloxía e Xeoloxía.

- Todas las actividades están sometidas a la solicitud de cita previa, y por lo tanto las fechas para su realización las deciden las Instituciones que se visitan, por lo cual, aunque figuran distribuidas por niveles educativos y trimestres, no siempre es posible su realización, ni que lo sea en el periodo lectivo programado
- Por estrategia pedagógica, siempre se procura que coincidan con los desarrollos de las unidades respectivas, pero por la misma razón no siempre es posible.

### **Unidad del Agua:**

Visita a la Planta Potabilizadora de aguas de La Telva.

Visita a la EDAR de Bens.

### **Unidad de Sostenibilidad:**

Visita al Parque Eólico Experimental de Sotavento.

### **Astronomía:**

Jornadas Anuales de Astronomía.

Esta actividad se organiza por la tarde – noche, y su realización depende de la disponibilidad de los astrónomos que la imparten, las características astronómicas del momento (visibilidad de la Luna, planetas, etc.), y obviamente, de las condiciones meteorológicas.

### **Consideraciones generales:**

La duración de las actividades es de jornada de mañana completa, de 8:45 a 14:15, a excepción de las que corresponden a la unidad del Agua, que son más cortas, y las de Astronomía, que son nocturnas.

Independientemente de estas actividades, cuya programación y realización se viene produciendo en los últimos 15 años, hay otras que resulta imposible preverlas, por aparecer su oferta para solicitarlas de forma sobrevenida, por lo que resulta imposible incluirlas en esta relación.

Todas las actividades están supervisadas y desarrolladas exclusivamente por profesores de este departamento, si bien está siempre dispuesto a colaborar con los demás departamentos que estén interesados en desarrollar actividades interdisciplinares.

Para los alumnos de Biología de segundo de bachillerato, no está prevista ninguna actividad, salvo las que surjan durante el curso que siendo muy específicas, puedan considerarse interesantes.

	<b>1º Trimestre</b>	<b>2º Trimestre</b>	<b>3º Trimestre</b>
ESO – 1	<b>Planetario</b>  Cosmos y fenómenos astronómicos	<b>Casa de los Peces</b>  Biodiversidade de Invertebrados	<b>Finca Marcelle (Lugo)</b>  Biodiversidade de vertebrados  <b>Museo de Historia Natural “Luis Iglesias”</b>  <b>(Santiago de C.)</b>  Biodiversidade de vertebrados
ESO – 3	<b>Domus</b>  Anatomía e fisioloxía humana	<b>Emalcsa</b>  Potabilización da auga	<b>Depuradora</b>  Tratamento de augas residuais

ESO – 4	<p><b>Ancares (Lugo)</b></p> <p>Xeomorfoloxía</p> <p>Modelado Glaciar</p> <p><b>Sogarisa (As Somozas)</b></p> <p>Tratamento de residuos perigosos</p>	<p><b>Sotavento</b></p> <p>Energías alternativas</p>	<p><b>Parque Natural (Corrubedo)</b></p> <p>Modelado litoral</p> <p><b>“Camiño dos Faros”</b></p> <p><b>Sector</b></p> <p><b>Laxe - Camelle</b></p> <p>Modelado litoral</p>
BAC – 1 (Biología)	<p><b>Meteorolóxico</b></p> <p>Técnicas e Cambio Climático</p>	<p><b>Centro Ictioxénico (Sobrado-Lugo)</b></p> <p>Mellora xenética: peixes</p> <p><b>Fragas do Eume (Pontedeume)</b></p> <p>Ecosistemas terrestres</p>	<p><b>ENIL Islas de San Pedro</b></p> <p>Ecosistemas litorales</p> <p><b>Courel (Lugo)</b></p> <p>Impactos e Espacios Protexidos</p>
BAC – 2 (Biología)	Por determinar	Por determinar	Por determinar

## 10.2 Departamento de Matemáticas.

O Departamento de matemáticas ten previsto a realización das seguintes actividades:

- Actividades de conmemoración do Día da Nena e da Muller na Ciencia.
- Actividades de conmemoración do Día Escolar das Matemáticas.
- Participación nos plans e proxectos que xurdan ao longo do curso e se consideren de interese para o noso alumnado.
- Participación nas Olimpíadas matemáticas do alumnado interesado de Bacharelato.
- Participación no Rally matemático co alumno de 3º e 4 da ESO interesado.
- Participación na Olimpíada matemática de 2º ESO interesado.
- Participación no Canguro matemático co alumnado interesado.
- Participación do alumnado en actividades e concursos que xurdan ao longo do curso.

## 10.3 Departamento de Latín e Grego.

<b>DATA</b>	<b>ACTIVIDADE</b>	<b>GRUPOS</b>
<b>FEBREIRO</b> (data por confirmar)	Asistencia a unha obra de teatro nas xornadas de Teatro Grecolatino, celebradas en Coruña e organizadas pola Sociedade Española de Estudos Clásicos.	<b>4º ESO E 1º BACHARELATO</b>
<b>Data por confirmar</b> (3º trimestre)	Visita á Torre de Hércules	<b>4º ESO E 1º BACHARELATO</b>



## 10.4 Departamento de Francés.

As actividades do Departamento de francés están dirixidas ao alumnado de francés:

- Saídas ó teatro escolar en lingua francesa.
- Saídas de inmersión lingüística, roteiros, actividades cos auxiliares de conversa.
- Viaxe de intercambio cun instituto francés da rexión da Bretaña a realizar durante o segundo ou terceiro trimestre.
- Participación nas saídas con alumnos franceses na semana que están en Galicia, agás 2º BAC.
- Participación no Festival anual da Francofonía.

Colaboración con outros Departamentos, especialmente cos que teñen asignada a Sección Bilingüe de Francés, na realización de actividades.

- Celebración de festividades.
- Contacontos en francés.
- Presentación de alumnos, de forma voluntaria, as probas DELF.
- Participación nas actividades propostas pola biblioteca.
- Semana Cultural: participación nos obradoiros e outras actividades.
- Saídas culturais do centro para visitar exposicións, realizar actividades culturais,...
- Ateliers gastronómicos e culturais.
- Concursos, gymkanas para estimular ó alumno na aprendizaxe.
- Dentro da aula ou noutros espazos , se é o caso, celebraremos distintas actividades de cultura francesa. Se é posible intentarase agrupar ós alumnos de francés e invitar o resto do alumnado na celebración da algunha actividade.

Intentaremos conmemorar as seguintes datas significativas:

- Le 25 novembre: la Sainte Catherine. Porter un chapeau extravagant*
- *Le 31 octobre: halloween*
- Noël*
- La Chandeleur: le 2 février on mange des crêpes.*
- *Le 14 février: La Saint- Valentin ou fête des amoureux.*
- Mardi Gras*
- Pâques*

- *Le 8 mai: fin de la Seconde Guerre Mondiale*
- *Le 9 mai: Journée de l'Europe*
- *Le 21 juin: la fête de la musique*
- **Aquelas outras que as profesoras consideren de importancia relevante para o achegamento do alumnado á cultura e realidade francesas e francófonas.**

### 10.5 Departamento de Debuxo.

Durante o ano académico 2023-2024, o Departamento de Artes Plásticas non ten previsto, polo momento, a realización de actividades complementarias.

Este apartado non é tanto unha programación de actividades como unha declaración de intencións con respecto a posibles actividades a realizar:

- Visitas ao Museo de Arte Contemporánea, Museo de Belas Artes da Coruña, Fundación Luís Seoane, salas de exposicións ou Institucións culturais, aínda sen especificar, que se organice neste curso escolar e que se consideren interesante e enriquecedora a asistencia do alumnado de Educación Plástica e Visual, Debuxo

Artístico I e II.

- Visita e participación nos talleres didácticos que organice cerámicas O Castro en A Sada.

De xeito máis concreto, participaremos en actividades desenvolvidas desde o propio Instituto, algunhas xa con certa tradición, dentro das celebracións contempladas no calendario escolar ou baixo iniciativa propia:

- Participación no concurso fotográfico “Paseo xeométrico”
- Festa de outono. Samaín.
- Semana das Letras Galegas.
- Entroido.
- Nadal.
- Colaboración noutras actividades que se organicen no Centro, contratos programa.
- Participación en diversos concursos que consideremos interesantes para o alumnado, relacionados coas materias do Departamento.

- Visitas a exposicións que se celebren e poidan ser de interese para o alumnado
- Todas aquelas (exposicións, saídas e concursos) que podidan xurdir ao longo do curso e sexan de interese.

## 10.6 Departamento de Xeografía e Historia.

As actividades extraescolares do Departamento de Xeografía e Historia para o curso 2023/24, contemplaranse durante todo o ano escolar, e atenderán ás necesidades do centro, adaptándose ás diversas circunstancias que podan ir xurdindo durante o curso: ofertas de formación, visitas educativas, exposicións, etc.

Por tanto, en base ao anterior, o Departamento propón as seguintes visitas:

- 1º Trimestre: 1ºESO visita-roteiro área de dolmens Vimianzo/Cambre romano. 2ºESO visita-roteiro pola cidade medieval de A Coruña/Vista por Cambre medieval. 3ºESO e 4º ESO visita a Vigo/Coruña industrial. 1ºBACH exposición Museo Belas Artes A Coruña.
- 2º Trimestre: 1º. 2º e 3º ESO visitas ás Casas Museo de A Coruña. 1º BACH e 4º ESO irán a Santiago para visitar: Parlamento de Galicia, Museo do Pobo Galego, Museo CGAC, MUPEGA.
- 3º Trimestre: 1ºESO visita a Pena de Rodas e Castro de Viladonga. 2ºESO visita á Fortaleza San Paio de Narla e Mosteiro de Sobrado dos Monxes. 3º ESO irá ás visitas de Proxecto Terra (solicitude da visita a Lugo). 4º ESO visita ao Museo de Sargadelos e Mariña Lucense. 1ºBACH visita-roteiro a Ourense.

No caso do alumnado de 2ºBACH, segundo disposición interna do centro e acordo do claustro, non poderán facer saídas nin actividades extraescolares neste ano académico dentro do horario lectivo.

## 10.7 Departamento de Lingua galega.

Neste inicio de curso o Departamento aínda non ten concretadas todas as actividades complementarias e extraescolares que se han desenvolver. A concreción virá dada pola oferta cultural dispoñible, especialmente a da nosa contorna.

Unha boa parte das actividades desenvolverase no propio centro; e outras dependerán da oferta cultural na nosa cidade. As propostas de saídas estarán limitadas por motivos económicos (o alumnado debe pagar polo transporte e, en ocasións, pola entrada). Deste xeito, temos previsto **algunhas saídas, roteiros culturais, asistencia ao teatro** e outros espectáculos fóra do centro educativo e mesmo fóra da cidade, en grupos organizados.

Coa finalidade de optimizar os recursos dispoñibles, o departamento colaborará coa Biblioteca, co EDNL e con outros departamentos didácticos nas actividades desenvolvidas no propio centro como as indicadas a continuación:

- Día de Rosalía
- Día da Paz e da Non Violencia
- Día das Persoas con Discapacidade
- Encontros con escritores
- Día Internacional da Muller
- Día da Ciencia
- Samaín
- Día do Libro. Semana Cultural
- Día das Letras Galegas
- Participación do alumnado en concursos e festivais literarios.
- Actividades dinamizadoras polo Nadal, Entroido, fin de curso...

**A participación do alumnado nestas e noutras actividades extraescolares, estará condicionada á actitude e ao interese de cada alumno/a pola materia e pola propia actividade.**

## ACTIVIDADES DO EDLG

Un dos obxectivos do EDLG da Sardiñeira é a realización de actividades moi variadas, que impliquen a comunidade educativa mais tamén a nosa contorna no seu desenvolvemento.

Por outro lado, o EDLG e o Departamento de Lingua Galega realizarán moitas das actividades en común ou en colaboración o un co outro, aínda que se vai fomentar a colaboración interdepartamental en xeral, e, especialmente, cos outros departamentos de linguas, co Departamento de Actividades Extraescolares e coa Biblioteca.

A seguir, expomos as actividades relacionadas cos obxectivos, e nos seguintes apartados desenvolveremos as accións de cada unha delas. Finalmente no cadro de actividades desenvolveremos cada unha das actividades con máis información sobre a implicación da comunidade educativa, o orzamento necesario, datas de realización e continuidade no tempo.

- **Actividades relacionadas coa contorna sociolingüística do centro**

- Carteis Día Universal da Infancia (relacionándoo coa fraseoloxía)
- Actividades do Día Internacional Contra a Violencia de Xénero en colaboración co Equipo de Igualdade.
- Carteis Día da Paz e Non Violencia (relacionándoo coa harmonía lingüística)
- Carteis Día Internacional da Muller
- Semana das Letras Galegas
- Pancarta para o Día das Letras Galegas

- **Actividades relacionadas coa situación do profesorado**

Colaboraremos coa administración do centro e co claustro en todo o relacionado coa lingua galega e tamén partillaremos diversas actividades deste proxecto con distintos departamentos (Coreografíate, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día da Muller, contacontos Samaín, etc.), promovendo así a participación do profesorado nas nosas iniciativas.

- **Actividades relacionadas coa situación do alumnado**

- Elaboración de relatos para o concurso de relato oral *Tíralle da lingua*
- Elaboración dunha coreografía para o certame *Coreografíate*
- Lectura contos de medo (Samaín)
- Actividade *Os obxectos da infancia* para o Día Universal da Infancia
- Cartelería para a manifestación do Día Internacional da Muller
- Lectura compartida para o Día de Rosalía
- Proxecto final ciclos
  - Proxecto de creación dun videoxogo en galego

- **Actividades relacionadas coa situación lingüística do centro**

- *Caixa de correo anónima para a convivencia* en conmemoración do Día Internacional da Educación
- Exposición carteis de Luísa Villalta para a conmemoración do Día das Letras Galegas

- **Actividades relacionadas en colaboración con institucións oficiais ou privadas**

Tentarase traballar con todos aqueles organismos e institucións que acheguen contidos de tipo cultural relacionado coa dinamización da lingua galega e coñecemento da nosa historia.

Entre outras actividades, estamos ou imos participar en:

- Programa Educa Coruña do Concello da Coruña (formación en lingua galega sobre temas que preocupan á mocidade)
- Encontros con escritores e escritoras previas lecturas traballadas na aula
- Plans Proxecta (dentro do que organizamos algunhas actividades, como crear carteis e repartir información)
- CPIInnova
- CPIInclúe

### Cadro de actividades

ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN	PERSOAS DESTINATARIAS	EXPLICACIÓN DA ACCIÓN	COLABORACIÓN	USO TECNOLÓXICO	CONTINUIDADE (Plurianual)
Concurso de relato oral Tíralle da lingua	outubro	Toda a comunidade educativa	Elaboración e gravación de relatos para presentar ao concurso organizado pola ASPG	Departamentos de Lingua Galega	Si	Si
Certame Coreografía	outubro	Toda a comunidade educativa	Elaboración e gravación dunha coreografía que presentar ao certame organizado pola ASPG	Profesorado	Si	
Lectura de contos de medo	28 outubro	Alumnado 1º BACH	O alumnado do EDLG lerá textos escollidos polo EDLG.	Biblioteca		Si
Actividade <i>Os obxectos da infancia</i> para o Día Universal da Infancia	20 novembro	Toda a comunidade educativa	Publicación no Instagram para que o alumnado colabore achegando aqueles obxectos que identifiquen coa súa infancia e transmita en galego o seu sentir		Si	
Instagram do EDLG	Todo o curso	Toda a comunidade educativa	Actualización da conta <a href="https://www.instagram.com/edl.asardineira">edl.asardineira</a>		Si, app instagram	

Caixa de correo pola convivencia	24 de xaneiro	Toda a comunidade educativa	Creación dun buzón onde o alumnado poida achegar suxerencias para a convivencia no Centro	Departamento de mediación		
Día da Paz e Non Violencia	30 de xaneiro	Todo o alumnado	Realización de carteis con imaxe	Departamento de Lingua Galega		



ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN	PERSOAS DESTINATARIAS	EXPLICACIÓN DA ACCIÓN	COLABORACIÓN	USO TECNOLOXÍA	CONTINUIDADE (Plurianual)
			e slogan sobre a harmonización e convivencia lingüística.			
Día de Rosalía	23 de febreiro		Lectura compartida	Departamento de Lingua Galega		
Entroido	25 de febreiro	Todo o alumnado		Departamento de Lingua Galega		
Día da Muller	8 marzo	Todo o alumnado	Elaboración de cartelería con emblemas para a manifestación conmemorativa.		Si, Canva	
Día das Letras Galegas 2024	Maio	Todo o alumnado	Exposición dos carteis conmemorativos de Luísa Villalta	Departamento de Lingua Galega		
Día das Letras Galegas 2024	Maio	Alumnado colaborador do EDLG	Elaboración dunha pancarta para celebrar o Día das Letras Galegas	Departamento de Lingua Galega		Plurianual
Fotopoemas	Maio	Todo o alumnado	Concurso no que habrá que presentar unha fotografía e un breve poema alusivo.	Departamento de Lingua Galega	Correo electrónico	Si, o ano pasado xa se levou a cabo e esperamos que continúe
Creación dun videoxogo en galego	Todo o ano	Todo o alumnado	Elaboración dun videoxogo en galego que motive a competir a toda a comunidade educativa		Si	



ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN	PERSOAS DESTINATARIAS	EXPLICACIÓN DA ACCIÓN	COLABORACIÓN	USO TECNOLOXÍA	CONTINUIDADE (Plurianual)
Presenta o teu proxecto final en galego	Maio-xuño	Destinado ao alumnado de Ciclos Formativos	Para o alumnado do 2º curso que termina o ciclo e debe presentar o seu proxecto. Incentivarase a presentación deste en lingua galega imprimindo os exemplares de balde e sorteando varios vales de compra nunha librería local.	Profesorado de 2º curso dos Ciclos Formativos.  Persoal da administración e non docente.		Si. É a segunda vez que o presentamos e gustaríanos que continuase nos vindeiros anos.

## 10.8 Departamento de Educación Física.

Como complemento aos contidos desenvolvidos na clase e buscando un enfoque global con actividades de síntese que permitan o traballo conxunto e a aplicación de diversos contidos tratados, propóñense actividades fóra do colexio durante o horario lectivo (complementario) e actividades fóra do horario lectivo (extraescolares). O Departamento de Educación Física propón as seguintes actividades para o curso escolar 2023/24:

- Unha marcha de sendeirismo por un paraxe singular.
- Actividade acuática: piragüismo, padel surf ou vela.
- Unha semana branca que combina actividades de neve e xeo.
- Actividades relacionadas con el medio natural: orientación, escalada...
- Competicións deportivas durante os recreos entre clases.
- Visita dunha asociación deportiva que realiza xogos e deportes tradicionais (chave, petanca, bolos, etc.).
- Actividades deportivas propostas pola ANPA e o concello.
- Asistencia a un espectáculo deportivo e a unha representación teatral ou de danza.
- 

Cada curso terá a posibilidade de participar nalgúns específicos para el e noutros que se ofrecen a todos os cursos. A temporalización das actividades estará suxeita á climatoloxía, ao grao de aceptación por parte dos alumnos de cada unha das actividades e aos recursos humanos, técnicos e materiais dispoñibles.

## 10.9 Departamento de Música.

En función de como toquen as orquestras dos diferentes cursos poderíase dar algún concerto a final dalgún trimestre ou en determinadas datas sinaladas. Nestes concertos tamén poderían participar todos os alumnos que queiran facelo pola súa conta de forma individual ou en pequenos grupos.

## 10.10 Departamento de Tecnoloxía.

### TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN 1º ESO

- Posible participación no día da Ciencia na Rúa
- Posible participación en concursos, obradoiros ou proxectos que poidan xurdir ao longo do curso.
- Posible participación en conferencias que poidan ter interese para a nosa materia.
- Conmemoración do día da muller e da nena na ciencia
- Visita ao MUNCYT.

### TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN 2º ESO

- Posible participación no día da Ciencia na Rúa
- Posible participación en concursos, obradoiros ou proxectos que poidan xurdir ao longo do curso.
- Posible participación en conferencias que poidan ter interese para a nosa materia.
- Conmemoración do día da muller e da nena na ciencia
- Visita ao MUNCYT

### TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN 4º ESO

- Posible participación nun obradorio de robótica (Domus)
- Taller e concurso de robótica e drones
- Posible participación en concursos, obradoiros ou proxectos que poidan xurdir ao longo do curso.
- Posible participación en conferencias que poidan ter interese para a nosa materia.
- Visita a empresa Aluman.

## DIXITALIZACIÓN 4ºESO:

- Posible participación nun obradorio de robótica (Domus)
- Taller e concurso de robótica e drones
- Visita a empresa Aluman.
- Posible participación en concursos, obradoiros ou proxectos que poidan xurdir ao longo do curso.
- Posible participación en conferencias que poidan ter interese para a nosa materia.

## INTELIXENCIA ARTIFICIAL 4ºESO:

- Posible participación nun obradorio de robótica (Domus)
- Taller e concurso de robótica e drones
- Visita a empresa Aluman.
- Posible participación en concursos, obradoiros ou proxectos que poidan xurdir ao longo do curso.
- Posible participación en conferencias que poidan ter interese para a nosa materia.

## TIC 1º BAC

- Posible participación nun obradorio de robótica (Domus)
- Taller e concurso de robótica e drones
- Visita a INDITEX
- Visita a empresa Aluman
- Posible participación en concursos, obradoiros ou proxectos que poidan xurdir ao longo do curso.
- Posible participación en conferencias que poidan ter interese para a nosa materia.

## TECNOLOXÍA E INXENERÍA 2ºBAC

- Visita a INDITEX,
- Visita a empresa Aluman.

Ademais destas actividades ou saídas, poden realizarse todas aquelas que durante o curso poidan xurdir e sexan de interese para a nosa materia e o noso alumnado.

### 10.11 Departamento de Lingua Castelá

A proposta do departamento contempla a posibilidade de realizar as seguintes actividades:

- Charlas ou encontros con escritores.
- Asistencia a representacións teatrais.
- Conmemoración do Día do libro (26 de abril).
- Visita a La Voz de Galicia (4º da ESO).
- Participación nas actividades propostas pola Biblioteca.
- Dinamización das bibliotecas municipais (visita e obtención de carné).

En todo caso, respectaranse os criterios e normas que dispoña a dirección do instituto.

Esta proposta pode sufrir variacións en función da marcha do curso, da dispoñibilidade de actividades novas, do interese do alumnado e das posibilidades organizativas.

### 10.12 Departamento de Economía.

- Programas Eduemprende (Actúa, Edutecemprende, Finanzas para mortais,...).
- Programas do Plan Proxecta (en colaboración con outros departamentos): Rede de hortas escolares, Correspondentes xuvenís, Cinema/Fotografía en curso.
- Contactos con alumnos/profesores doutros países, dentro dos Programas Erasmus.
- Programa Prensa-Escuela (La Voz de Galicia).
- Charlas sobre a materia de persoalidades de interese (empresarios, familiares de alumnos, artistas, etc.). A Consellería de Educación ten un programa específico.
- Visitas a museos, rutas e lugares de interese para o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas.
- Excursións a organizacións de interese (empresas, entidades sen ánimo de lucro, edificios públicos, etc.). Pódense facer en colaboración con outros departamentos.
- Visita ao centro de FP anexo para coñecer os ciclos que se imparten, en colaboración co departamento de FOL.
- Outras charlas, actividades e concursos organizados pola Consellería de Educación e organismos, públicos ou privados, da zona.
- Charlas e actividades impartidas por institucións, públicas ou privadas, relacionadas co consumo responsable (IGC, entidades sen ánimo de lucro, concellos, Consellerías, etc.).

### 10.13 Departamento de Física e Química

- Club de ciencia.
- Visitas e obradoiros do Muncyt.
- Conferencias e obradorios da UCO e da USC.
- Día na ciencia na rúa.

### 10.14 Departamento de Lingua Inglesa

1) **Charla cultural** impartida por un profesor nativo facilitado pola editorial Burlington.

21 de Setembro. 3ºs de ESO

2) **Teatro interactivo.**

Estamos estudando ofertas para realizar varias sesións de teatro interactivo con grupos de ESO e Bacharelato se fora posible.

### 10.15 Departamento Ciclos de Química.

Eventos, congreso e xornadas

Asistencia a eventos, congresos e xornadas relacionadas co sector químico (Galicia biodays, Expoquimia, etc.) ou coa innovación (FP innova, SIMO Educación, etc.) cos grupos de ciclos para fomentar a divulgación científica así como as relacións con empresas

Excursións-visitas

Realización de unha ou dous saídas por trimestre cos alumnos (un ou dous grupos por excursión, segundo o número de alumnos que nos acepten nas empresas), para visitar empresas do sector relacionadas co Currículo dos Ciclos da FP Química. En xeral, unha das visitas do curso durará todo o día (cando a empresa sexa de lonxe, visitarase unha empresa pola mañá e outra pola tarde, para aproveitar dita saída).

Intentarase que cada curso teña a lo menos unha saída durante o curso.

Posibles empresas a visitar:

AIMEN, Porriño, Pontevedra

Fundación Galega de Medicina Xenómica, Santiago de Compostela.

APPLUS, Sada.

LIGAL, Mabegondo.

Laboratorio de Mediambiente de Galicia, A Coruña.

ENCE, Pontevedra.

EMALCSA, Cambre.

EDAR de BENS, A Coruña.

Bioetanol Galicia S.A., Teixeiro, A Coruña.

Estrella Galicia, A Coruña.

Navantia, Ferrol.

Reganosa, Mugardos.

Finsa, Santiago de Compostela.

Foresa, Caldas de Reis.

UDC (SAI), A Coruña.

INIBIC, A Coruña.

Estación de bombeiros da Coruña, A Coruña.

INSST/ISSGA, A Coruña.

CIS Tecnoloxía e Deseño en Ferrol.

Programa de mobilidades de FP dual para o curso 2023-2024.

Participar cos dous curso de Química industrial modalidade dual (Repsol e Estrella Galicia) na posibles mobilidades ao estranxeiro, no ámbito territorial dos países da Unión Europea, que se podan convocar no citado programa.

Cursos de primeiros auxilios

En colaboración co Departamento de FOL organizaranse no centro cursos de primeiros auxilios para os diferentes cursos.

Intentarase que os segundos cursos as fagan no primeiro trimestre ou o inicio do segundo, por estaren no terceiro trimestre realizando a FCT nas empresas.



### 10.16 Departamento de FOL.

1. Píldoras digitales:
  1. Viernes, 6 de octubre, de 9:35 a 11:15, taller de Canvas, dirigido a los alumnos del ciclo superior de Química Industrial y del ciclo superior de Laboratorio de Análisis y Control de Calidad
  2. Martes, 3 de octubre, de 16:30 a 18:10, taller de DAFO, dirigido a los alumnos del ciclo superior de Laboratorio de Análisis y Control de Calidad (Adultos) Y del ciclo medio de Operaciones de Laboratorio.
  3. Martes, 3 de octubre, de 18:10 a 19:50, taller de Canvas, dirigido a los alumnos del ciclo superior de Laboratorio de Análisis y Control de Calidad (Adultos).
  4. Miércoles, 4 de octubre, de 9:35 a 11:15, taller de DAFO, dirigido a los alumnos de los ciclos superiores de Química Industrial y Laboratorio de Análisis y Control de Calidad y del ciclo medio de Operaciones de Laboratorio. Aquí serían 37 alumnos.
2. Promove: Taller de Comunicación para el Ciclo Medio de Laboratorio y LACC1 Adultos, el 21 de noviembre. Taller de Habilidades Emprendedoras el día 22 de noviembre para LACC2 y Química Industrial 2
3. Charlas sobre Entrevistas de Trabajo y Currículum por la Fundación Ronsel en el segundo trimestre.
4. Charlas de Primeros Auxilios para todos los primeros de FP (FOL), por parte de la Cruz Roja. En el segundo y twercer trimestre.
5. Previstas charlas de los Departamentos de Recursos Humanos de REPSOL y de Estrella de Galicia.

### 10.17 Departamento de Relixión Católica

Museo das peregrinacións e casa do cabido. Santiago

Todas as actividades de calquera departamento que necesiten a nosa colaboración

## 10.18 Departamento de Orientación

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN			
	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
1º ESO	<p>Obradoiros Regular_T</p> <p>Control da Ira (1º ESO)</p> <p>Sesións creativas II: aprender en igualdade. (1º e 2º ESO)</p>	<p>A que tren sobes? Prevención de consumo de tabaco e alcol</p>	<p>A rede e as súas redes. Prevención de riscos asociados ao uso da internet</p>
2º ESO		<p>“Sentidiño na rede”: Prevención de adiccións dixitais e uso inadecuado das novas tecnoloxías</p> <p>2º 3º ESO.</p>	<p>Fuga de cerebros: habilidades sociais fronte ás adiccións</p>
	Plan Proxecta: Correspondentes Xuvenís		
3º ESO	<p>Obradoiros de saúde afectivo sexual</p> <p>Campaña de Seguridade Vial: AESLEME</p>	<p>Prevención, abordaxe e xestión de conflitos</p>	<p>Tod@s contamos 1: prevención do consumo de drogas</p>

	Educación Viaria para a prevención de accidentes (3º ESO)		
4º ESO	<p>Foros debate: pensar en igualdade con miras amplias</p> <p>Obradoiro de Prevención de Relacións Tóxicas e da Violencia de Control (Fundación Amigó)</p> <p>Campaña de Seguridade Vial: AESLEME</p> <p>Prevención de Lesións Medulares (4º ESO)</p> <p>Charla Doazón e Trasplante (4º ESO)</p> <p>Educación con Xustiza (4º ESO)</p>	<p>Tod@s contamos 2: surfeando as drogas</p>	<p>Obradoiro de prevención no uso da internet, redes sociais e xogos interactivos</p>
4º ESO E BAC		<p>Visita a Campus Universitario (BAC)</p> <p>Xornadas de orientación universitaria e profesional (XOUP )</p> <p>Charlas Orientación Académica en aula (Universidades)</p> <p>Charlas Orientación Académica en aula (Ciclos Formativos)</p>	

TODA A ESO	Charla Plan Director da Convivencia: Violencia de Xénero (1º ESO)
	Charla Plan Director da Convivencia: Acoso Escolar (2º ESO)
	Charla Plan Director da Convivencia: (3º ESO)
	Charla Plan Director da Convivencia: I (4º ESO)
	Charlas Orientación Académica en aula (Orientadora)
	Programa Antenas Xuvenís (CMIX - Concello A Coruña)

## 11. Avaliación da programación.

Ao finalizar o curso, elaborárase unha memoria e nela incluírase una avaliación desta programación.

A partir da información suministrada polos diferentes departamentos participantes, enquisas de satisfacción e cuestionarios de valoración de actividade elaborárase unha rúbrica para avaliar a programación de AACCEE que, como mínimo, contemple:

- ✓ Grao de participación do alumnado.
- ✓ Grao de interese suscitado no alumnado.
- ✓ Grao de cumprimento dos obxectivos desta programación e da contribución a mesma á adquisición e desenvolvemento das competencias clave.
- ✓ Implicación dos diferentes membros da comunidade escolar.
- ✓ Adecuación ao normal funcionamento do I.E.S.: valorárase positivamente que as actividades realizadas non supuxesen un trastorno grave para o funcionamento do centro.
- ✓ Nivel de correspondencia entre o orzamento e o custo real da actividade.

En A Coruña, a 27 de setembro de 2023

Esther Tarrío Tato.  
Vicedirección IES A Sardiñeira

## PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO

### 1. Introducción

O módulo profesional de Formación en Centros de Trabajo (FCT) é un bloque coherente de formación profesional que se desenvolve en empresas ou institucións en situacións reais de traballo. Este módulo ten carácter obrigatorio en todos os ciclos formativos e desenvolverase procurando aplicar as competencias profesionais adquiridas no centros educativos, complementadas con aquelas previamente identificadas entre as actividades produtivas do centro de traballo.

O acceso a este módulo producirase cando o alumnado teña unha avaliación positiva en todos os módulos profesionais do ciclo formativo realizados no centro educativo.

### 2. Temporalización e duración

A duración do módulo de FCT recóllese na seguinte táboa.

<b>CICLO FORMATIVO</b>	<b>DURACIÓN (horas)</b>
Ciclo Medio Operacións de Laboratorio (CMOL)	410
Ciclo Superior Laboratorio de Análise e de Control de Calidade (LACC)	384
Ciclo Superior Química Industrial (QI)	384

Os períodos de realización da FCT nos diferentes ciclos son os seguintes:

<b>Ciclo Formativo</b>	<b>Réxime</b>	<b>Período ordinario</b>	<b>Período extraordinario</b>
CMOL	Ordinario	Abril – xuño	Setembro – decembro Xaneiro – marzo
LACC	Ordinario	Abril – xuño	Setembro – decembro Xaneiro – marzo
	Modular	Setembro – decembro	Xaneiro – marzo Abril – xuño
QI	Ordinario	Abril – xuño	Setembro – decembro Xaneiro – marzo

### **3. Relación coas empresas**

A coordinadora de FCT encargárase das relacións coas empresas ou institucións que poidan estar interesadas no programa coa colaboración dos titores.

A responsable da dinamización da relación con empresa do centro educativo dará apoio á coordinadora de FCT na comunicación coas empresas tal e como se dispón na Resolución do 27 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se crea a Rede galega de dinamización da relación con empresas na FP e se ditan instrucións para o seu funcionamento.

As empresas interesadas asinarán un convenio específico co centro educativo. Os convenios de colaboración para a realización das actividades de formación en centros de traballo deberanse formalizar por escrito e estarán asinados polo director ou a directora do centro educativo e pola persoa que teña a representación legal do centro de traballo, da empresa ou institución colaboradora.

### **4. Programación de FCT**

O módulo de FCT exige a elaboración dun plan individualizado, que consistirá no conxunto das actividades formativo-productivas que o alumnado terá que realizar nos centros de traballo durante as horas e o período establecidos para tal fin. Esas actividades serán o complemento final para acadar a competencia profesional característica do título, e proporcionarán as situacións de avaliación necesarias para acreditar tal competencia.



## 5. Titoría, seguimento e avaliación da FCT

O titor ou a titora do centro educativo establecerán canles de comunicación coa persoa designada para realizar as tarefas de titoría do centro de traballo que garantan o seguimento e a avaliación do alumnado. Manterá contactos periódicos coa persoa responsable do centro de traballo, co fin de contribuír a que o programa de formación se axuste á cualificación que se pretenda para cada ciclo.

O titor ou titora do centro educativo informará o seu alumnado do programa formativo de FCT que vai realizar en cada empresa, e de todo o relacionado coas condicións e as características da súa realización, os aspectos, as condicións e os criterios de avaliación do citado módulo e valorará de xeito continuado as actividades correspondentes ao programa formativo.

O instrumento de seguimento e avaliación do módulo de FCT será a carpeta de seguimento e avaliación da FCT. É obrigatoria na xestión da formación en centros de traballo, ten carácter individual e deberá cubrirse ao longo do desenvolvemento da FCT. Incluirá os seguintes documentos: identificación da carpeta, plan individualizado, follas semanais para o seguimento das actividades e a validación do contido da carpeta pola secretaría do centro.

Na avaliación deste módulo de FCT colaborará a persoa responsable designada por cada centro de traballo para o seguimento da formación do alumnado durante a estadía nel. Esta colaboración na avaliación expresarase indicando no plan individualizado as capacidades adquiridas ou non no centro de traballo. O titor do centro educativo avaliará o módulo de FCT tendo en conta o informe presentado pola persoa responsable do centro de traballo sobre as actividades realizadas polo alumnado.

A cualificación do módulo de FCT expresarase nos termos de apto ou apta, ou non apto ou non apta. No caso de que o alumno ou a alumna obteñan a cualificación de non apto ou non apta, deberán matricularse e realizar o módulo de FCT de novo.

## 6. Exclusión de alumnado da FCT

Poderá ser excluído dun convenio para a realización da FCT na correspondente convocatoria un alumno, unha alumna ou un grupo, nos seguintes casos:

- a) Por faltas de asistencia. O número de faltas non poderá ser superior ao 10 % das horas da duración do módulo.





- b) Por actitude incorrecta, atendendo ao código disciplinario da empresa, ou por falta de aproveitamento, logo de audiencia ao alumno ou á alumna.

## 7. Exención de FCT

O módulo de FCT é susceptible de exención pola súa correspondencia coa experiencia laboral, segundo se establece no artigo 49, do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro (BOE do 3 de xaneiro), polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo. A solicitude de exención formalizarase polo menos 20 días hábiles antes do inicio das actividades programadas para o módulo de FCT.

A exención poderá ser total ou parcial, dependendo da correspondencia que haxa entre a experiencia acreditada e os contidos do módulo formativo de FCT. A exención requirirá, ademais de cumprir o requisito de experiencia laboral, a matrícula previa do alumno ou da alumna nun centro docente autorizado para impartir ensinanzas conducentes ao título do ciclo formativo correspondente. Débese acreditar unha experiencia laboral correspondente ao traballo a tempo completo dun ano, relacionada cos estudos profesionais respectivos.

## 8. Renuncia á FCT

O alumnado poderá solicitar a renuncia ao módulo de FCT e, xa que logo, á súa avaliación, co fin de non esgotar as dúas posibilidades de matrícula previstas para o réxime ordinario, acreditando algunha das seguintes circunstancias:

- a) Doenza prolongada de carácter físico ou psíquico.
- b) Incorporación laboral acreditada mediante contrato de traballo.
- c) Obrigas de tipo familiar xustificadas que impidan a normal dedicación aos estudos.
- d) Outras de carácter análogo que a dirección do centro estime oportuno, por proposta do equipo docente.

## 9. Lexislación

- ORDE do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o



alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

- ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.
- RESOLUCIÓN do 27 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se crea a Rede galega de dinamización da relación con empresas na FP e se ditan instrucións para o seu funcionamento.



**ANEXO I. Relación de empresas colaboradoras.**

<b>EMPRESAS</b>
REPSOL
HIJOS DE RIVERA
APPLUS
Laboratorio Maxcontrol Noroeste
Tecno Ambiente
REGANOSA
BEGANO
LIGAL
GRUPO LECHE RIO
LEYMA Central Lechera
PLACASA
EXOLUM
Bioetanol Galicia
AllGenetics
EMALCSA
CETIM
FINSA
FORESA
Organistry
Departamento de Analítica da UDC
IUMA Instituto Universitario de Medio Ambiente
CICA Centro de Investigacións Científicas Avanzadas
Departamento de Inorgánica da UDC
URIKER
INLEIT



ASAG-ASISAGRO
ASERPAL
Betanzos HB
Leche Celta
Aquarium Finisterrae
ALBADA
A Coruña Lab
Cerámica Campo

## **PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DO EDLG - IES A SARDIÑEIRA (2023 / 2024)**

Un dos obxectivos do EDLG da Sardiñeira é a realización de actividades moi variadas, que impliquen a comunidade educativa mais tamén a nosa contorna no seu desenvolvemento.

Por outro lado, o EDLG e o Departamento de Lingua Galega realizarán moitas das actividades en común ou en colaboración o un co outro, aínda que se vai fomentar a colaboración interdepartamental en xeral, e, especialmente, cos outros departamentos de linguas, co Departamento de Actividades Extraescolares e coa Biblioteca.

A seguir, expomos as actividades relacionadas cos obxectivos, e nos seguintes apartados desenvolveremos as accións de cada unha delas. Finalmente no cadro de actividades desenvolveremos cada unha das actividades con máis información sobre a implicación da comunidade educativa, o orzamento necesario, datas de realización e continuidade no tempo.

- **Actividades relacionadas coa contorna sociolingüística do centro**

- Carteis Día Universal da Infancia (relacionándoo coa fraseoloxía)
- Actividades do Día Internacional Contra a Violencia de Xénero en colaboración co Equipo de Igualdade.
- Carteis Día da Paz e Non Violencia (relacionándoo coa harmonía lingüística)
- Carteis Día Internacional da Muller
- Semana das Letras Galegas
- Pancarta para o Día das Letras Galegas

- **Actividades relacionadas coa situación do profesorado**

Colaboraremos coa administración do centro e co claustro en todo o relacionado coa lingua galega e tamén partillaremos diversas actividades deste proxecto con distintos departamentos (Coreografía, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día da Muller, contacontos Samaín, etc.), promovendo así a participación do profesorado nas nosas iniciativas.

- **Actividades relacionadas coa situación do alumnado**

- Elaboración de relatos para o concurso de relato oral *Tíralle da lingua*
- Elaboración dunha coreografía para o certame *Coreografía*
- Lectura contos de medo (Samaín)
- Actividade *Os obxectos da infancia* para o Día Universal da Infancia
- Carteis para a manifestación do Día Internacional da Muller
- Lectura compartida para o Día de Rosalía
- Proxecto final ciclos
- Proxecto de creación dun videoxogo en galego

- **Actividades relacionadas coa situación lingüística do centro**

- *Caixa de correo anónima para a convivencia* en conmemoración do Día Internacional da Educación
- Exposición de carteis de Luísa Villalta para a conmemoración do Día das Letras Galegas

- **Actividades relacionadas en colaboración con institucións oficiais ou privadas**

Tentarase traballar con todos aqueles organismos e institucións que acheguen contidos de tipo cultural relacionado coa dinamización da lingua galega e coñecemento da nosa historia.

Entre outras actividades, estamos ou imos participar en:

- Programa Educa Coruña do Concello da Coruña (formación en lingua galega sobre temas que preocupan á mocidade)
- Encontros con escritores e escritoras previas lecturas traballadas na aula
- Plans Proxecta (dentro do que organizamos algunhas actividades, como crear carteis e repartir información)
- CPIInnova
- CPIInclúe

### Cadro de actividades

ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN	PERSOAS DESTINATARIAS	EXPLICACIÓN DA ACCIÓN	COLABORACIÓN	USO TECNOLÓXICA	CONTINUIDADE (Plurianual)
Concurso de relato oral Tíralle da lingua	outubro	Toda a comunidade educativa	Elaboración e gravación de relatos para presentar ao concurso organizado pola ASPG	Departamentos de Lingua Galega	Si	Si
Certame Coreografate	outubro	Toda a comunidade educativa	Elaboración e gravación dunha coreografía que presentar ao certame organizado pola ASPG	Profesorado	Si	
Lectura de contos de medo	28 outubro	Alumnado 1º BACH	O alumnado do EDLG lerá textos escollidos polo EDLG.	Biblioteca		Si
Actividade <i>Os obxectos da infancia</i> para o Día Universal da Infancia	20 novembro	Toda a comunidade educativa	Publicación no Instagram para que o alumnado colabore achegando aqueles obxectos que identifiquen coa súa infancia e transmita en galego o seu sentir		Si	

Instagram do EDLG	Todo o curso	Toda a comunidade educativa	Actualización da conta edl.asardiñeira		Si, app instagram	
Caixa de correo pola convivencia	24 de xaneiro	Toda a comunidade educativa	Creación dunha caixa de correo onde o alumnado poida achegar suxestións para a convivencia no Centro	Departamento de mediación		
Día da Paz e Non Violencia	30 de xaneiro	Todo o alumnado	Realización de carteis con imaxe	Departamento de Lingua Galega		



ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN	PERSOAS DESTINATARIAS	EXPLICACIÓN DA ACCIÓN	COLABORACIÓN	USO TECNOLOXÍA	CONTINUIDADE (Plurianual)
			e slogan sobre a harmonización e convivencia lingüística.			
Día de Rosalía	23 de febreiro		Lectura compartida	Departamento de Lingua Galega		
Entroido	25 de febreiro	Todo o alumnado		Departamento de Lingua Galega		
Día da Muller	8 marzo	Todo o alumnado	Elaboración de carteis con emblemas para a manifestación conmemorativa.		Si, Canva	
Día das Letras Galegas 2024	Maio	Todo o alumnado	Exposición dos carteis conmemorativos de Luísa Villalta	Departamento de Lingua Galega		
Día das Letras Galegas 2024	Maio	Alumnado colaborador do EDLG	Elaboración dunha pancarta para celebrar o Día das Letras Galegas	Departamento de Lingua Galega		Plurianual
Fotopoemas	Maio	Todo o alumnado	Concurso no que haberá que presentar unha fotografía e un breve poema alusivo.	Departamento de Lingua Galega	Correo electrónico	Si, o ano pasado xa se levou a cabo e esperamos que continúe
Creación dun videoxogo en galego	Todo o ano	Todo o alumnado	Elaboración dun videoxogo en galego que motive a competir a toda a comunidade educativa		Si	

ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN	PERSOAS DESTINATARIAS	EXPLICACIÓN DA ACCIÓN	COLABORACIÓN	USO TECNOLOXÍA	CONTINUIDADE (Plurianual)
Presenta o teu proxecto final en galego	Maio-xuño	Destinado ao alumnado de Ciclos Formativos	Para o alumnado do 2º curso que termina o ciclo e debe presentar o seu proxecto. Incentivarase a presentación deste en lingua galega imprimindo os exemplares de balde e sorteando varios vales de compra nunha librería local.	Profesorado de 2º curso dos Ciclos Formativos.  Persoal da administración e non docente.		Si. Esta sería a terceira vez que o presentamos e gustaríanos que continuase nos vindeiros anos.

## **IES A SARDIÑEIRA PFPP CURSO 2023/2024**

### **Introducción**

Dende o IES A Sardiñeira traballaremos durante o curso 2023/24 con parte do profesorado do ano anterior e novo profesorado chegado neste ano, sendo en total 40 profesores que participarán no conxunto dos plans PFPP e que compartirán traballo en diferentes liñas (dende a coordinación se quere agradecer a súa aportación e colaboración), ademáis de contar cunha coordinadora PFPP e o inestimable traballo de varias profesoras coordinadoras por cada plan: Dona Begoña de Blas, Dona Libia Pérez, Dona Verónica del Río, Dona Esther Tarrío e Dona Adela Figueroa.

Neste caso, o noso obxectivo será mellorar os documentos creados no anterior curso, actualizalos e difundilos. Tamén canalizar os Contratos Programa e as actividades escolares do curso, así coma a Convivencia no centro. Este ano se piñera especial fincapé na creación de alumnado Axudante e na formación en LSE ou Linguaxe de Signos debido ao amplo interese do profesorado. E por outra banda afondamos nas necesidades tecnolóxicas educativas do instituto na actualidade a través do traballo cos Polos Creativos.

Mediante este traballo nas liñas PFPP se intentará implementar unha serie de melloras e medidas para obter un resultado adecuado e favorable aos cánones educativos e pedagóxicos do centro, e se adecuarán ás circunstancias da contorna, das familias, do propio alumnado e dos perfís do profesorado.

Hai que ter en conta que nos atopamos nun centro de máis de 300 alumnos de entre 1ºESO a 4ºESO e con BACH e FP. O centro está situado nun entorno con dificultades socio-económicas e onde as familias soen ser monoparental (mulleres en maior parte) que traballan moitas horas da xornada laboral, pero que aínda así se implican enormemente na vida escolar do alumnado en gran parte dos casos. Trátase de familias que veñen chegando ao longo do ano ao barrio e ao centro e que teñen procedencias de moi diversos países e culturas, polo que a adaptación á cidade e ao centro normalmente veñen da man no caso de gran parte do alumnado. Por outra banda hai que indicar que gran parte do alumnado presenta moi diversas necesidades e grandes dificultades pedagóxicas que diversifican en gran medida o ámbito educativo do centro e que fai que cada vez máis teñamos máis alumnado con necesidades educativas complexas.

Finalmente, débese incidir na boa xestión da persoa coordinadora do CFR de A Coruña, Dona Celina Santamaría, que orienta, supervisa e informa durante todo o curso escolar das diferentes actuacións a levar a cabo, preocupándose da boa xestión do traballo PFPP do centro. Por suposto se agradece enormemente o

traballo e o apoio por parte do Equipo Directivo e pola Orientación do centro que facilitaron e colaboraron en todo momento con este proxecto.

Polo tanto, a xustificación da creación destes do PFPP e dos plans do mesmo está fundamentalmente dirixida ao conxunto do alumnado e profesorado do centro, ás súas necesidades e metas, tal e como reflicten os obxectivos, os contidos, a temporalización, a metodoloxía e a conclusión do traballo realizado.

### **Obxectivos**

Os obxectivos do PFPP serven para dar cabida a todas as necesidades e metas educativas e pedagóxicas do centro e tamén para acoller as melloras e os cambios significativos de cada curso escolar, tanto para o alumnado coma para o profesorado, mellorando a xestión e a vida diaria no centro. Estes son os seguintes:

1. Organizar o centro de cara a convivencia
2. Xestionar a convivencia e mediación no centro
3. Crear grupos de formación en convivencia: LSE
4. Integrar o traballo en diferentes áreas de coñecemento que se traballan no centro
5. Crear documentos para xestión do centro
6. Mellorar e ampliar a documentación da xestión docente
7. Completar e actualizar a documentación de centro
8. Crear documentos e programas dixitais
9. Organizar o traballo dixital do centro
10. Solucionar o traballo dixital diario do centro e achegar os Polos Creativos
11. Crear o Proxectos diversos
12. Interactuar con outros centros e institucións coas mesmas liñas
13. Colaborar na mellora e difusión dos diferentes plans e proxectos do centro
14. Mellorar a adaptación e dar respostas ás necesidades e á diversidade do alumnado do centro
15. Adaptar as metas e necesidades do centro ao perfil do profesorado do mesmo

### **Plans levados a cabo e contidos**

Durante o presente curso 2023/24 se levarán a cabo diferentes plans dentro do PFPP:

1. Convivencia e Proxectos educativos

Este plan está orientado a canalizar os diferentes Contratos Programa, a Convivencia no centro, a formación en LSE e as diferentes actividades educativas do curso escolar. Os Contratos Programa se desenvolveron segundo o establecido pola Consellería. A Convivencia desenvolveu o traballo de actuación con Alumnado e Profesorado Mediador, a Aula de Convivencia, a formación en todos estes ámbitos e en Igualdade e o traballo de xestión diaria de convivencia coma os partes ou as faltas de comportamento. No caso das actividades escolares, estas se xestionaron a través deste plan para dar cabida ás necesidades e obxectivos do centro.

## 2. Optimización e creación dos documentos de centro para a mellora da xestión

Os documentos de centro deben ser renovados e mellorados cada curso escolar, e ademáis deben estar adaptados aos cambios legislativos, ás necesidades do centro, ao alumnado e familias e á contorna cambiante da nosa contorna. Os documentos de centro se centraron na PXA, Plan Lingüístico, Plan de Convivencia e Igualdade, NOF e outros documentos básicos que son os piares do centro e que se van adaptando aos cambios anuais pero sempre mantendo a integridade coa que se deseñaron.

## 3. Polos Creativos

No noso centro se desenvolve un traballo diario totalmente dependente dos sistemas dixitais actuais que nos ofrece a Consellería como as Aulas Virtuais, pero tamén das redes sociais, a web do centro, a rede wifi e outros elementos de software e hardware necesarios para o traballo educativo e pedagógico que utilizamos tanto o alumnado coma o persoal docente e non docente, e incluso as familias. Neste curso se realizarán múltiples traballos e proxectos orientados á dixitalización do centro, como cuestionarios ou plans de traballo para os diferentes ámbitos, e tamén se adicou un apartado á formación. Para isto se utilizará o material dixital de Polos Creativos achegado pola Consellería e que permite a transversalidade e a creación de proxectos nas diferentes materias e aulas (impresoras 3D, cámaras, máquina de coser...).

### **Temporalización, metodoloxía e recursos**

A duración do PFPP establécese dende setembro de 2023 ata maio de 2024, aínda que a duración soe ser máis intensa nalgúns casos, establecéndose 20 horas de traballo por grupo ou liña, tanto de traballo conxunto como de traballo individual e formación. Cada reunión de cada grupo terá unha duración mínima aproximada de dúas horas.

En canto á metodoloxía, utilizaranse diferentes tipoloxías, pero sobre todo será fundamental o traballo colaborativo, a posta en común e a valoración conxunta. Traballarase con medios audiovisuais e material funxible, e serán imprescindibles os diferentes despachos docentes, a Sala de Profesores e a Biblioteca.

Cada cuestión traballada nos plans PFPP se presentará ás diferentes reunións colexiadas coma o Claustro ou o Consello Escolar, para a súa supervisión, divulgación, información e aprobación.

### **Incidencia no centro**

Esperamos que a incidencia no centro sexa altamente positiva pois se puiderán ver os logros e os resultados directos do traballo realizado durante o curso.

Os resultados serán de alto alcance, chegando a todo o persoal educativo e persoal non docente, así coma ao alumnado e familias que os acollerán de forma entusiasta e aberta.

As melloras e os cambios propiciados polos plans PFPP son lentos pero moi efectivos, e cada curso estamos a ver a importancia que supoñen os mesmos no noso centro e na contorna, pois van creando unha pegada fonda e xeracional entre o noso alumnado xunto coas familias, así coma no profesorado, de xeito que se fomenta amplamente a participación de todos os membros educativos e con aquelas persoas relacionadas co centro. Deste xeito, se propicia que o proxecto educativo do centro se amplíe e enriqueza anualmente, mellorando e colaborando conxuntamente.

En A Coruña, a 9 de outubro de 2023

Asdo.:



Adela Clorinda Figueroa Paz (Coordinadora PFPP)



# Equipos de Dinamización da Lingua Galega

PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO  
CURSO 2023-2024

IES A SARDIÑEIRA

A CORUÑA



## ÍNDICE

1. Características xerais do Proxecto de Fomento do Uso do Galego do IES A Sardiñeira
2. Análise sociolingüística
  - 2.1. Contorna sociolingüística do centro
  - 2.2. Situación do profesorado
  - 2.3. Situación do alumnado
  - 2.4. Situación lingüística do centro
3. Componentes do EDLG
4. Obxectivos do proxecto de fomento do uso do galego
  - 1.1. En relación coa contorna sociolingüística do centro
  - 1.2. En relación coa situación do profesorado
  - 1.3. En relación coa situación do alumnado
  - 1.4. En relación coa situación lingüística do centro
2. Medidas para a consecución dos obxectivos previstos
3. Actividades
  - 3.1. Actividades relacionadas cos obxectivos
    - 3.1.1. Actividades relacionadas coa contorna sociolingüística do centro
    - 3.1.2. Actividades relacionadas coa situación do profesorado
    - 3.1.3. Actividades relacionadas coa situación do alumnado
    - 3.1.4. Actividades relacionadas coa situación lingüística do centro
  - 3.2. Actividades relacionadas en colaboración con institucións oficiais ou privadas
  - 3.3. Cadro de actividades
  - 3.4. Actividades en cuxo desenvolvemento se empregan as TIC
  - 3.5. Docencia e administración en lingua galega



## **1. Características xerais do Proxecto de Fomento do Uso do Galego do IES A Sardiñeira**

Elaborar un proxecto do uso do galego implica coidarmos do noso a través da nosa lingua, mais tamén valorar a súa importancia como parte da cultura que nos serve para comunicar e que nos identifica como galegas e galegos.

A nosa intención é promover a nosa lingua dentro dun contexto que é realmente pouco favorable para o galego, xa que a inmensa maioría do alumnado do IES A Sardiñeira non o utiliza na súa vida cotiá, ben porque proceden de familias migrantes de diversas partes do mundo como China, Marrocos, Romanía, Senegal, Cuba, República Dominicana, Colombia, Venezuela, Panamá, Chile, Ecuador...

En xeral, non existen prexuízos lingüísticos cara á lingua galega, mais existe pouca vontade no seu uso vehicular do galego, debido a que a maior parte do alumnado non lle atopa utilidade na súa contorna inmediata e no cotiá. De aí que nos pareza primordial fomentar o uso do galego nun rexistro informal e coloquial, non só no rexistro inserido no ámbito académico.

A comunidade educativa, en xeral, é consciente de que a lingua comunica e identifica e de que, en resumo, é o celme do ser e da cultura galega.

O presente proxecto do IES A Sardiñeira pretende ser unha planificación flexible das iniciativas que dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega no centro (en diante, EDLG), se van tentar desenvolver neste curso 2023-2024. Falamos de planificación flexible por considerarmos importante deixar certas marxes de actuación neste proxecto para poder engadir aquelas actividades que vaian xurdindo puntualmente ao longo do curso, ou para poder eliminar aquelas que consideremos que non resultan produtivas no ámbito de aplicación en que se van desenvolver ou en que se poidan desenvolver. Igualmente, para poder levar a cabo actividades en colaboración con outros departamentos que poidan ser de interese para os obxectivos antes mencionados.

Ademais de flexibilidade, consideramos importante facer fincapé na creatividade. O noso propósito é o de organizar actividades que vaian alén do cultural pois, aínda que importante, non deixa de ter o risco de que a lingua galega fiquese asociada só co eido da cultura, coa tradición... e non co mundo actual. Para isto, procuraremos realizar actividades que relacionen o galego coa nosa contorna directa, a cidade da Coruña, coas tecnoloxía e cos medios de comunicación.

## 2. Análise sociolingüística

### 2.1. Contorna sociolingüística do centro

O IES A Sardiñeira está situado no barrio coruñés dos Mallos, e conta con alumnado de Ciclos Formativos, ESO e Bacharelato.

A pesar de que o galego é un idioma de uso frecuente en numerosos barrios da cidade da Coruña, e está presente en amplos sectores, o seu uso é, maioritariamente, diglósico, ao se diferenciar unha lingua A (castelán) no eido público e formal; e unha lingua B (galego), no eido privado e informal.

Esta realidade é a que se percibe claramente nos Mallos, barrio de clase traballadora de nivel cultural medio-baixo e de ascendencia rural próxima, sobre todo da comarca de Ordes, Betanzos, Arzúa ou Costa da Morte, mais tamén dalgunhas vilas e cidades lucenses, como Monforte, entre outras. Aquí a lingua do ambiente é o galego, e unha parte importante dos habitantes do barrio é galegofalante en orixe. Porén, como noutros lugares de Galiza, non están as familias a transmitirles aos seus fillos e fillas esta lingua, nin a usan naquelas actividades que consideran máis relevantes ou de maior prestixio.

Este proceso de perda do galego como lingua vehicular viuse acentuado, nas últimas décadas, coa chegada de novos habitantes ao barrio, como consecuencia da “reurbanización” e ao achegamento de persoas menos vinculadas co mundo rural, así como de persoas migrantes, procedentes do estranxeiro.

A chegada de persoas migrantes, importantes nos últimos anos, fai que o galego quede tamén relegado a un segundo plano, pois as familias asentadas no barrio non senten a necesidade de usalo, polo que se manifestan exclusivamente en castelán.

Mentres que os galegofalantes saben falar o castelán e utilízano cos foráneos, os castelanfalantes non utilizan o galego por seren incapaces de facelo, por comodidade ou por propia vontade.

Por outro lado, dende o Concello da Coruña ofértase unha programación de actividades dirixidas aos centros de ensino e á mocidade en xeral, nas que a lingua e a cultura galega teñen unha presenza relevante nos últimos anos. Mais, con todo, dadas as características do noso centro (situación periférica, pouca autonomía do alumnado da ESO, bastante alumnado migrante, escaso compromiso por parte das familias, horarios, etc.), fai que non se poidan aproveitar moitas destas actividades. Cómpre, pois, que os centros de ensino realicen actividades dinamizadoras que cheguen á maior parte do alumnado e, na medida do posible, a toda a comunidade escolar.

## 2.2. Situación do profesorado

O profesorado do IES A Sardiñeira é heteroxéneo, mais unha ampla porcentaxe é castelanfalante habitual, aínda que non ten dificultades para usar o galego pero, iso si, unha lingua con desviacións e abundantes castelanismos, a pesar de teren as titulacións correspondentes que acreditan o seu coñecemento do idioma.

Nos últimos anos, por mor da xubilación dun número importante de membros do profesorado, incorporáronse novos profesores e profesoras ao claustro. Percíbense nestas persoas menos prexuízos lingüísticos e unha meirande competencia tanto no uso oral como no escrito, á marxe de cal sexa a súa lingua inicial e/ou habitual. Aínda así, usan o galego a nivel coloquial, pero escasamente nas relacións institucionais co alumnado.

Por último, a porcentaxe de profesorado que fai uso habitual e normalizado da lingua galega e que, por este motivo, a emprega en todos os contextos, é relativamente escasa, se descontamos o profesorado de Lingua e Literatura Galega.


En consecuencia, a lingua maioritaria de uso co alumnado é o castelán.

## 2.3. Situación do alumnado

Entre o alumnado da Sardiñeira é maioritario o uso do castelán, pese a que unha parte relevante dos

Que lingua usas ti habitualmente?

93 respostas



rapaces e rapazas coñece perfectamente o idioma, aínda que cada vez menos.


Gráfica extraída do Proxecto Lingüístico da Sardiñeira 2020-2021

Pese a isto, o que se comproba no alumnado é unha certa evolución positiva na valoración e no uso público do galego dende que se incorpora a 1º da ESO até a súa saída en 2ª de bacharelato ou, sobre todo, nos Ciclos Formativos. Neste sentido, constátase o gran peso que ten o papel do grupo dos

primeiros anos na elección da lingua de relación, en tanto que, a medida que se vai afirmando a personalidade propia, o grupo condiciona menos a elección lingüística.

Só para o alumnado de procedencia estranxeira: ztíveches ou tes dificultades na utilización das linguas do centro?

11 respostas



Tamén hai que resaltar que o alumnado estranxeiro presenta menos prexuízos que o alumnado autóctono á hora de empregar a lingua galega. En calquera caso, estes alumnos e alumnas esixen unha atención específica que non sempre se lles pode prestar.

Gráfica extraída do Proxecto Lingüístico da Sardiñeira 2020-2021

## 2.4. Situación lingüística do centro

Alén do cumprimento da normativa legal no referente ao uso (na escrita) das dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma galega, a lingua coloquial que percibe o alumnado nas súas relacións, tanto co profesorado como cos órganos e persoal administrativo, é o castelán.

## 3. Compoñentes do EDLG

Como recolle e o decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísmo no ensino non universitario de Galicia, o EDLG do IES A Sardiñeira está formado por membros do profesorado, alumnado e Persoal non docente, que actuarán baixo a supervisión da dirección do centro.

Durante o curso 2023-2024, conforma o EDLG:

### **Coordinadora:**

Sonia Varela Pombo

### **Membros do profesorado**

Ana Belén Álvarez López

Alba Vázquez Fernández

Begoña Lourido Romeu

Géraldine Maynadier

Diego López Remeseiro

M<sup>a</sup> del Rocío Oreiro Rey

María del Carmen González Feijóo

Olalla Calo

**Colaboracións:**

Jorge Míguez García

Rosa Rojo Oróns

**Membros do alumnado**

Confidencial

## **Membros do persoal non docente:**

Luísa Amalia Souto Caamaño

Ana M<sup>a</sup> Sánchez López

María Teresa Muíño Espasandín

## **4. Obxectivos do proxecto de fomento do uso do galego**

Dado que a lingua galega non é a vehicular na maior parte das relacións entre os membros da comunidade educativa, partimos dun obxectivo esencial, ao que chamaremos “obxectivo principal”, que é a base deste proxecto: promover a ampliación do uso habitual do noso idioma, e deixar claro que o valor do EDLG é absolutamente necesario.

A seguir, clasificamos os obxectivos en función dos distintos ámbitos de aplicación. Trátase apenas dunha clasificación de tipo instrumental, pois é evidente que existe unha clara interferencia entre todos eles, xa que se trata de obxectivos que, a fin de contas, afectan o conxunto da comunidade escolar. Obxectivos cuxa consecución non se formula a curto prazo, senón a medio ou longo prazo, e que manteñen a continuidade cos expostos en cursos anteriores. Estes serán considerados obxectivos secundarios, que contribúen á consecución do obxectivo principal xa exposto, e que veñen, a seguir, clasificados segundo os seus ámbitos de aplicación.

### **1.1. En relación coa contorna sociolingüística do centro**

- a) Tratamento respecto da diglosia, que implica o uso da lingua galega só en determinados ámbitos e contextos sociais (normalmente os menos valorados socialmente).
- b) Lograr a valoración positiva da lingua galega como idioma configurador de identidade persoal e colectiva.
- c) Facer sentir á comunidade educativa que a lingua propia de Galicia permanece viva só se é vehículo de comunicación “normal” da comunidade.

### **1.2. En relación coa situación do profesorado**

- a) Motivar e axudar o profesorado castelanfalante a que, cando menos na escrita (textos, boletíns de exercicios, etc.), usen a lingua galega.
- b) Incrementar o nivel de uso oral do galego entre o alumnado e profesorado.

- c) Lograr a valoración da lingua como un elemento central do noso patrimonio cultural.
- d) Implicar o maior número de Departamentos posible en todas aquelas actividades promovidas polo EDLG.

### **1.3. En relación coa situación do alumnado**

Aínda que consideramos que a adquisición do galego como lingua habitual se produce na familia e no conxunto da sociedade, e non tanto na escola, tamén pensamos que o ensino ten capacidade para modificar actitudes e hábitos de carácter diglósico. No IES A Sardiñeira partimos con desvantaxe de que a lingua de identidade eminentemente maioritaria é o castelán, polo que o labor do EDLG é moi necesario, pero difícil de desenvolver.

Por este motivo, os obxectivos que seguen fórmulanse a longo prazo, mais consideramos sempre un éxito conseguir pequenos avances.

- a) Diminuír o desequilibrio que existe na actualidade entre o nivel de uso oral e de uso escrito entre o alumando.
- b) Procurar que o alumando se sinta seguro falando en galego en todos os ámbitos e contextos sociais.
- c) Favorecer a creación de hábitos de lecto-escritura en galego que axuden a superar as lagoas do alumnado nestas áreas. Establecerase colaboración co Proxecto Lector do centro.
- d) Mellorar o dominio da norma estándar da lingua galega, tanto por parte do persoal docente, como parte do alumando.

### **1.4. En relación coa situación lingüística do centro**

- a) Incrementar o nivel de uso oral do galego entre o alumnado e o profesorado.
- b) Buscar, aínda que sexa en pequena medida, que nos diferentes niveis do centro, tanto académicos como non docentes (bar, secretaría, conserxería), se incorpore o galego como lingua de comunicación con profesorado e alumnado.

Dado que os anteriores obxectivos se formulan a medio e longo prazo, e tendo en conta ademais o contexto no que actúa o EDLG, as medidas deben buscar ir superando etapas e neste sentido este curso, e os vindeiros, faremos especial fincapé naquelas actividades destinadas a:

- Colaborar cos departamentos e a administración do instituto na realización de calquera actividade relacionada coa lingua e a cultura galega.
- Fomentar a lectura en lingua galega.
- Fomentar o uso oral da lingua galega.
- Integrar o alumnado inmigrante partindo sempre, na medida do posible, da aproximación e valoración da súa lingua e cultura.
- Interpretar a diversidade lingüística como un valor, non como un atranco.
- Dar a coñecer a cultura galega máis alá do estritamente académico e curricular (literatura, música, cinema, teatro...), non só como patrimonio que debemos conservar senón como un axente vivo, dinámico e xerador de riqueza.

## **5. Medidas para a consecución dos obxectivos previstos**

- a) Implicación e participación do profesorado en xeral na organización, seguimento e consecución do plan de actividades do EDLG presentadas neste proxecto.
- b) Organización flexible do alumnado colaboradora para a posta en práctica das iniciativas propostas, facéndolles doado o acceso á colaboración.
- c) Solicitudes a outros axentes sociais (concello, asociacións culturais e veciñais...) de colaboracións puntuais. Difusión dos logros obtidos por todos a través de cantas vías se nos presenten: taboleiros físicos ou dixitais como a web do centro ou o noso instagram (traballos expostos e identificados co seu autor correspondente, gañadores de concursos...), publicacións, comunicacións ao contorno social (cartas aos pais, invitacións ao concello...) pequenos actos ou cerimoniais de carácter interno (entregas de premios, festivais, recitais...), etc.
- d) Visita e estancia do noso alumnado en todas cantas actividades poidan iniciar, desenvolver ou culminar inqedanzas de tipo artístico ou sociolingüístico relacionadas co idioma galego.



## **6. Actividades**

Un dos obxectivos do EDLG da Sardiñeira é a realización de actividades moi variadas, que impliquen a comunidade educativa mais tamén a nosa contorna no seu desenvolvemento.

Por outro lado, o EDLG e o Departamento de Lingua Galega realizarán moitas das actividades en común ou en colaboración o un co outro, aínda que se vai fomentar a colaboración interdepartamental en xeral, e, especialmente, cos outros departamentos de linguas, co Departamento de Actividades Extraescolares e coa Biblioteca.

A seguir, expomos as actividades relacionadas cos obxectivos, e nos seguintes apartados desenvolveremos as accións de cada unha delas. Finalmente no cadro de actividades desenvolveremos cada unha das actividades con máis información sobre a implicación da comunidade educativa, o orzamento necesario, datas de realización e continuidade no tempo.

### **1.5. Actividades relacionadas cos obxectivos**

#### **1.5.1. Actividades relacionadas coa contorna sociolingüística do centro**

- Carteis Día Universal da Infancia (relacionándoo coa fraseoloxía)
- Actividades do Día Internacional Contra a Violencia de Xénero en colaboración co Equipo de Igualdade.
- Carteis Día da Paz e Non Violencia (relacionándoo coa harmonía lingüística)
- Carteis Día Internacional da Muller
- Semana das Letras Galegas
- Pancarta para o Día das Letras Galegas

#### **1.5.2. Actividades relacionadas coa situación do profesorado**

Colaboraremos coa administración do centro e co claustro en todo o relacionado coa lingua galega e tamén partillaremos diversas actividades deste proxecto con distintos departamentos (Coreografía, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día da Muller, contacontos Samaín, etc.), promovendo así a participación do profesorado nas nosas iniciativas.

### **1.5.3. Actividades relacionadas coa situación do alumnado**

- Elaboración de relatos para o concurso de relato oral *Tíralle da lingua*.
- Elaboración dunha coreografía para o certame *Coreografíate*.
- Lectura contos de medo (Samaín).
- Actividade *Os obxectos da infancia* para o Día Universal da Infancia.
- Cartelería para a manifestación do Día Internacional da Muller.
- Lectura compartida para o Día de Rosalía.
- Proxecto final ciclos.
- Proxecto de creación dun videoxogo en galego.

### **1.5.4. Actividades relacionadas coa situación lingüística do centro**

- *Caixa de correo anónimo para a convivencia* en conmemoración do Día Internacional da Educación.
- Exposición carteis Luísa Villalta para a conmemoración do Día das Letras Galegas 2024.

### **1.6. Actividades relacionadas en colaboración con institucións oficiais ou privadas**

Tentarase traballar con todos aqueles organismos e institucións que acheguen contidos de tipo cultural relacionado coa dinamización da lingua galega e coñecemento da nosa historia.

Entre outras actividades, estamos ou imos participar en:

- Programa Educa Coruña do Concello da Coruña (formación en lingua galega sobre temas que preocupan á mocidade)
- Encontros con escritores e escritoras previas lecturas traballadas na aula
- Plans Proxecta (dentro do que organizamos algunhas actividades, como crear carteis e repartir información)
- CPIInnova
- CPIInclúe

## 1.7. Cadro de actividades

ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN	PERSOAS DESTINATARIAS	EXPLICACIÓN DA ACCIÓN	COLABORACIÓN	USO TECNOLÓXICA	CONTINUIDADE (Plurianual)
Concurso de relato oral Tíralle da lingua	outubro	Toda a comunidade educativa	Elaboración e gravación de relatos para presentar ao concurso organizado pola ASPG	Departamentos de Lingua Galega	Si	Si
Certame Coreografía	outubro	Toda a comunidade educativa	Elaboración e gravación dunha coreografía que presentar ao certame organizado pola ASPG	Profesorado	Si	
Lectura de contos de medo	27 outubro	Todo o alumnado	O alumnado do EDLG lerá textos escollidos polo EDLG.	Biblioteca		Si
Dispositivos de consulta para o alumnado exento	Todo o curso	Alumnado exento da materia de LGL	Configuraránse dispositivos electrónicos para a consulta de dicionarios en rede e tradutores da lingua galega	Departamento de Lingua Galega	Si	
Actividade <i>Os obxectos da infancia</i> para o Día Universal da Infancia	20 novembro	Toda a comunidade educativa	Publicación no Instagram para que o alumnado colabore achegando aqueles obxectos que identifiquen coa súa infancia e transmita en galego o seu sentir		Si	
Instagram do EDLG	Todo o curso	Toda a comunidade educativa	Actualización da conta edl.asardiñeira		Si, app instagram	
Caixa de correo pola convivencia	24 de xaneiro	Toda a comunidade educativa	Creación dun buzón onde o alumnado poida achegar suxerencias para a convivencia no centro	Departamento de mediación		
Día da Paz e Non Violencia	30 de xaneiro	Todo o alumnado	Realización de carteis con imaxe e slogan sobre a	Departamento de Lingua Galega		

ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN	PERSOAS DESTINATARIAS	EXPLICACIÓN DA ACCIÓN	COLABORACIÓN	USO TECNOLOXÍA	CONTINUIDADE (Plurianual)
			harmonización e convivencia lingüística.			
Día de Rosalía	23 de febreiro		Lectura compartida	Departamento de Lingua Galega		
Entroido	25 de febreiro	Todo o alumnado		Departamento de Lingua Galega		
Día da Muller	8 marzo	Todo o alumnado	Elaboración de cartalaría con emblemas para a manifestación conmemorativa.		Si, Canva	
Día das Letras Galegas	Maio	Todo o alumnado	Exposición dos carteis conmemorativos de Francisco Fernández del Riego	Departamento de Lingua Galega		
Día das Letras Galegas	Maio	Alumnado colaborador do EDLG	Elaboración dunha pancarta para celebrar o Día das Letras Galegas	Departamento de Lingua Galega		Plurianual
Día das Letras Galegas	Maio	Todo o alumnado	Actuación musical en galego	Departamento de Lingua Galega		
Fotopoemas	Maio	Todo o alumnado	Concurso no que habrá que presentar unha fotografía e un breve poema alusivo.	Departamento de Lingua Galega	Correo electrónico	Si, o ano pasado xa se levou a cabo e esperamos que continúe

ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN	PERSOAS DESTINATARIAS	EXPLICACIÓN DA ACCIÓN	COLABORACIÓN	USO TECNOLOXÍA	CONTINUIDADE (Plurianual)
Presenta o teu proxecto final en galego	Maio-xuño	Destinado ao alumnado de Ciclos Formativos	Para o alumnado do 2º curso que termina o ciclo e debe presentar o seu proxecto. Incentivarase a presentación deste en lingua galega imprimindo os exemplares de balde e sorteando varios vales de compra nunha librería local.	Profesorado de 2º curso dos Ciclos Formativos.  Persoal da administración e non docente.		Si. Presentámolo en dúas ocasións e gustaríanos que continuase nos vindeiros anos.

### 1.8. Actividades en cuxo desenvolvemento se empregan as TIC

Como se pode observar no cadro de actividades, imos equipos informáticos para a preparación previa e realización das actividades, por exemplo, equipos de imaxe e son para a gravación dos vídeos para o concurso *Tíralle da lingua*; e aplicacións de edición de vídeo para a elaboración da candidatura ao certame Coreografía. Tamén empregaremos plataformas en liña para desenvolver o noso traballo, como, por exemplo, Canva para a elaboración de cartelería e empregaremos as redes sociais, en concreto Instagram coa nosa conta edl.asardineira.

### 1.9. Docencia e administración en lingua galega

Alén do anteriormente exposto, asesorarase lingüisticamente, coma sempre, tanto a persoal docente como ao non docente que así o solicite, para que poidan facer un uso correcto da lingua galega no seu labor diario, ademais de proporcionarlles todos aquel material que precisen (dicionarios, gramáticas, etc.).

A Coruña, 24 de outubro de 2023.

Asdo.: Sonia Varela Pombo  
Coordinadora do EDLG

Vº e pr.: Begoña de Blas Fernández  
Directora do IES A Sardiñeira